

10 claves para unha xestión sostible dos RESIDUOS EN VACACIÓNS



DESFAITE DO QUE XA NON UTILICES

O inicio do verán pode ser un bo momento para limpar a fondo as nosas casas e desfacernos do que xa non utilizamos. Abre portas e armarios e saca eses aparellos eléctricos e electrónicos estropeados, esa roupa de inverno que xa fai varias tempadas que non usas, ese calzado do que xa te esqueceches e ata ese téxtil do fogar escondido en caixóns.

Os residuos especiais tales como voluminosos, aparellos eléctricos e electrónicos, etc, lévaos ao punto limpo municipal. E a roupa fóra de uso, aos contedores específicos que xestionan organizacións autorizadas para posibilitar a súa reutilización e reciclado. Gañarás espazo e axudarás a outras persoas.

01



ESQUÉCETE DO USAR E TIRAR

Picnics, comidas nas praias, á beira dos ríos, nos cámpings, escenarios todos eles moi proclives para o uso e abuso de envases, vaixelas e cuberterías non reutilizables e que, case de forma instantánea, acaban converténdose en residuos.

A comodidade impónse en vacacións, pero debemos poñerlle límites. Dá preferencia ao uso de materiais tales como louza, vidro, aceiro e aluminio, facilmente reutilizables e con longa vida.

02



NIN UN SÓ RESIDUO NA CONTORNA

O littering ou o abandono de residuos en contornas naturais é alarmante.

Nas túas saídas á praia e ao campo, utiliza correctamente as papeleiras para depositar os teus residuos e, se non as tes a man, gárdalos para introducilos nas mesmas ou nos contedores axeitados en canto che resulte posible.

03



UN LUGAR PARA CADA COUSA E CADA COUSA NO SEU LUGAR

Estar fóra do noso hábitat non debe ser impedimento nin excusa para non dar continuidade ás boas prácticas na separación dos residuos e correcto depósito dos mesmos nos contedores correspondentes. Recorda, ao amarelo, latas, briks e envases de plástico; ao azul, envases de cartón e papel; ao iglú verde, envases de vidro; e ao verde xenérico, a fracción resto.

Esteas onde esteas, non esquezas contribuír á reciclaxe. A protección do medio ambiente é universal. Máis información en www.oportunidadesparareciclar.gal

04



AUTOCOMPOSTAXE

Se pasas as túas vacacións nunha vivenda unifamiliar con horta ou xardín, non dubides en sumarte á compostaxe doméstica e elaborar compost coa materia orgánica. En www.compostaconsogama.gal ensinámosche como facelo. Se non tes composteiro e non queres mercalo, nesta páxina atoparás un tutorial para elaboralo manualmente con diferentes materiais reutilizables. Obterás un abono de alta calidade con excelentes propiedades fertilizantes para o solo.

E se a túa vivenda habitual reúne as características necesarias para sumarte á compostaxe doméstica, non esperes máis. Unha sinxela técnica con grandes beneficios ambientais.

05

10 Claves para una gestión sostenible de los RESIDUOS EN VACACIONES

06

OLLO CO DESPERDICIO ALIMENTARIO

Tiramos un terzo da comida que se produce e o desperdicio alimentario vese acrecentado no verán. Os sucesivos encontros familiares e de amigos nos propios domicilios, en chiringuitos da praia, en restaurantes, en festas ou en calquera outro ámbito, adoitan ser habituais. A prudencia debe impoñerse nestes casos.

Na casa, faise necesario elaborar unha lista previa da compra, planificar os menús con antelación, diferenciar entre data de caducidade e de consumo preferente, conservar axeitadamente os alimentos, revisar a despensa e a neveira, e aproveitar as sobras para elaborar novos pratos.

A publicación de Sogama “Para repañar o prato!” proporciónache todas as claves <http://www.sogama.es/es/publicacion/para-reparar-o-prato>

En restaurantes e chiringuitos, non caer na tentación de sucumbir ás distintas ofertas culinarias, aplicar a racionalidade e axustar as cantidades ao número de comensais. Non dubides en levar tupper para as sobras.



07

O LIXO MARIÑO, NO PUNTO DE MIRA

Se surcas os mares, nada pola borda. Lamentablemente, os océanos téñense convertido no gran vertedoiro da humanidade.

A presenza de plásticos nos mesmos, procedentes na súa meirande parte das actividades terrestres, están alterando en gran medida os ecosistemas e provocando a morte de moitos animais mariños. Actúa en consecuencia.



08

VOLUNTARIADO

En vacacións, época do ano na que gozamos de maior tempo libre, pode ser un bo momento para aportar o noso gran de area na protección e conservación do medio ambiente.

Non dubides en contribuír a algunha iniciativa de voluntariado e apuntarte a calquera actividade vinculada á limpeza de espazos públicos, asesoramento á poboación e labores de educación ambiental. As posibilidades son múltiples e os resultados moi gratificantes.



09

EDUCAR PARA UN FUTURO SOSTIBLE

Se tes fillos, aproveita a época estival, momento no que as boas temperaturas propician un maior contacto coa natureza, para inculcarlles os bos hábitos na preservación do medio ambiente como o ben máis preciado para a nosa existencia.

Deseña para eles actividades que incidan na concienciación sobre a importancia que ten manter limpa a contorna. As accións formativas en campamentos adoitan ser tamén de gran utilidade.



10

APLICA TODOS ESTES CONSELLOS DURANTE O RESTO DO ANO

Só a través da perseveranza e a responsabilidade compartida lograse facer fronte á problemática que representan os residuos. Ao regreso de vacacións, non baixes a garda.

Mantén os bos hábitos todos o ano e recorda que para gozar dunha vida plena, debemos coidar e mimar o medio ambiente de forma permanente.

